

A esixencia de Vaqueiro

Título: Traxectorias. Obra poética (1977-2002).

Autor: Vítor Vaqueiro.

Edita: Espiral Maior.

Con *Traxectorias* (1977-2002), Vítor Vaqueiro recolle a súa obra poética publicada, cinco libros –aínda que un deles, *Camiño de Antioquía* (1981), foi posteriormente incluído en *A fraga prateada* (1983)–, máis dous inéditos. Incorpóranse tamén os diferentes prólogos e páxinas limiares que apareceran nas primeiras edicións. A todo engádase un interesante –por diversos conceptos– prólogo do autor, onde o poeta fala da súa relación coa poesía, coa “escrita” de poesía.

Hai anos –xa vinte– quen isto asina falaba nestas mesmas páxinas da “falta de emoción” da (ou na) poesía de Vaqueiro. Foi un erro, máis que de perspectiva, de percepción: a emoción, no poema, está nas palabras, na súa disposición. É dicir, a emoción non está nin aquén nin alén dos poemas, senón no interior das palabras que o compoñen. E a emoción desta poesía –como en toda– esta na *esencia da Palabra: devastación, reconstrución, fractura* (p. 248).

Talvez habería de comezarse a ler o volume polo último libro, *Teoría do coñecemento*, porque nel, sobretudo, Vaqueiro instala o seu eu poético no conforto da madurez (*in mezzo del cammin di nostra vida*, permítase unha cita previsíbel) para mirar ao arredor (“Días de 1948”, “Días de 1968”...) e a vida que pasa, e non só para observalos, senón para comprender e intentar explicar ambos. Mediante a palabra, mediante a forma poética.

Esta poesía, non é ningún descubrimento, caracterízase por unha grande esixencia na forma, mais de maneira nada chamativa. Como o deportista que fai que a ollos do profano semelle sinxelo o xesto que, en realidade, é complexo e produto dun duro adestramento, o poeta consegue uns ritmos tan perfectos (pasemos por alto algunha que outra caída, sobretudo nos dous primeiros libros) que os poemas parecen en primeira lectura discursivos, por non falar dunhas rimas –as poucas que hai– que de tan calculadas son case imperceptíbeis. O mesmo para o léxico, tan rico e expresivo.

Pódese falar a respecto desta poesía, de búsqueda dun estado de graza, de certo éxtase panteísta, dunha comunicación iluminadora coas fontes secretas do universo, que non exclúe, de modo ningún, nin a ironía (“Ferrol”, p. 130...), nin unha fonda inmersión nos misterios da vida e, máis que nada, da morte; e dun profundo combate por unha nova mitoloxía, ou, cando menos, pola instauración dun novo mito. Provisto dunha segura disposición analítica (no sentido kantiano –o enlace do suxeito co predicado prodúcese mediante a identidade) e dun rexistro visionario que o materialismo do poeta non deixa percibir de entrada, de complexidade dramática. O poeta logrou construír un dominio verbal e transparente –malia certa escuridade inicial– sen rachadelas, onde sempre moran, aliados incorruptíbeis, a meditación e o fervor.

A chamada poesía dos oitenta acadou a súa plena madurez. Espiral Maior está a ofrecernos a obra completa dos poetas desta “promoción”. A partir destas edicións, coa perspectiva do tempo, podemos separar, como na parábola evanxélica, o gran da palla.♦

X.G.G.